NARÓN

**Datos Do Expediente:**

| PROCEDEMENTO ABERTO | | |
|---|---|---|
| Unidade Tramitadora: | | |
| Contratacion e Obras Publicas – PMTD | | |
| Número expediente: | Documento: | |
| CON/18/2014 | CONYI0WV | |
| 4B1O240W4R5A4N7109T0 | | |

**PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES.**

**CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN TRAMITACION: ORDINARIA**
**PROCEDEMENTO: ABERTO. CRITERIOS: VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

**SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA: NON**

| | |
|---|---|
| **Nº de expediente: CON/18/2014** | **Valor estimado do contrato: 158.677,69 €** |
| | |
| **OBXECTO: CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE IMPRESORAS E FOTOCOPIADORAS MULTIFUNCIÓN CON PAGO POR COPIA, ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO.** | |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

# ÍNDICE

## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

### I DISPOSICIÓNS XERAIS

1.-Réxime xurídico e xurisdición.

2.-Obxecto do contrato

3.-Órgano de contratación

4.-Capacidade para contratar

5.-Clasificación dos Licitadores

6.-Orzamento de licitación. Prezo do contrato.

7.-Existencia de crédito orzamentario.

8.-Revisión de prezos.

9.-Duración do contrato. Prazo de execución.

### II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10.-Procedemento de adxudicación.

11.-Ofertas dos interesados.

12.-Documentación que se achegará ás ofertas. Mesa de contratación.

13.-Acrditación da capacidade de obrar e solvencia

14.-Mesa de contratación, criterios de adxudicación exame das ofertas

15.-Apertura de proposicións e actuación da Mesa de contratación.

16.-Selección da oferta economicamente máis avantaxosa.

17.-Acreditación de acharse ao corrente no cumprimentos doutras obrigas

18.- Constitución da garantía definitiva

19.- Garantía complementaria

20.- Adxudicación do contrato

### III FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

21.-Formalización do contrato.

### IV EXECUCIÓN DO CONTRATO



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

22.-Responsable supervisor dos traballos obxectos do contrato.

23.-Obrigas do contratista.

24.-Gastos e impostos por conta do contratista.

25.-Abonos ao contratista

26.-Execución do contrato.

27.-Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial da execución do obxecto do contrato.

**V SUBCONTRATACIÓN**

28.-Subcontratación.

**VI MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

29.-Modificación do contrato.

30.-Suspensión do traballo obxecto do contrato.

**VII FINALIZACIÓN DO CONTRATO**

31.-Cumprimento do contrato.

32.-Resolución e extinción do contrato.

33.-Prazo de garantía

34.-Devolución ou cancelación da garantía definitiva

**VIII PENALIDADES**

35.- Penalidades.

36.- Procedemento de imposición de penalidades.

ANEXO 0

ANEXO I

ANEXO II

ANEXO III

ANEXO IV

ANEXO VI

ANEXO VII



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE FOTOCOPIADORAS MULTIFUNCIÓN CON PAGO POR COPIA PARA O CONCELLO DE NARON.

## I DISPOSICIÓNS XERAIS

### 1.- REXIMEN XURÍDICO E XURISDICIÓN.

A contratación para realizar cualifícase como contrato de subministración de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 9 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), ficando sometida á devandita lei, así como ao regulamento xeral da Lei de contratos do sector público aprobado por real Decreto 817/2009 de 8 de maio, ao regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001 en tanto continúe vixente, ou as normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e no de prescricións técnicas.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos ben en reposición perante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita Xurisdición.

### 2.-OBXECTO DO CONTRATO

1.-O obxecto do contrato ao que se refire o presente prego é a contratación de subministración en réxime de arrendamento de fotocopiadoras multifunción (fotocopiadora, escáner e impresora, con posibilidade de emprego como FAX) con pago por copia para o Concello de Narón. Faise precisa a contratación do subministro á vista da necesidade dos devanditos equipamentos para o normal desenvolvemento da actividade laboral diaria, considerando que o Concello non dispón dos devanditos medios.

2.-A execución do contrato deberá adecuarse ao prego de condicións administrativas e de prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

### 3.-ORGANO DE CONTRATACIÓN

O Órgano de contratación é o Alcalde –Presidente do Excmo. Concello de Narón.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable.

## 4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1.-Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP. As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

4.2.- Así mesmo as empresas licitadoras deberán acreditar a súa solvencia económica e financeira así como a súa solvencia técnica, coa presentación da documentación sinalada no artigo 13.2.1 e 13.2.2 deste prego

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que houberen participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras (art. 56.1 TRLCSP).

## 5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES

Para ser adxudicatario deste contrato non é necesario estar en posesión de clasificación empresarial ningunha, sen prexuízo de acreditar a súa solvencia económico-financiera e técnica.

## 6.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN. PREZO DO CONTRATO

As cantidades que se establecen serán as partes iguais para cada ano. O prezo certo do contrato fíxase nos termos de prezos unitarios que ofertarán os interesados, isto é, a oferta presentarase por prezo por copia en branco e negro mais en color para as fotocopiadoras obxecto do subministro.

Importe Total do contrato – 158.677,69 euros - IVE (21%) 33.322,31euros – Total: 192.000,00 euros

Prórrogas- 0

Modificacións: 0

Valor estimado do contrato – 158.677,69 euros.

A efectos orzamentarios 48.000,00 euros anuais

A adxudicación do contrato realizarase en base ao menor prezo ofertado (presentado en euros con catro decimais), sobre o prezo de licitación (saída), que será de 0.0310 € (sen IVE), cun tipo impositivo do 21% para o IVE, o que fai un total de 0,0375 € para cada copia en branco e negro, e de 0,3202 €, cantidade á que unha vez sumado o 21% de IVE, resulta un total de 0,3874 €, para cada copia en color.

O cargo das copias realizarase mensualmente, previa presentación da factura, debendo recoller esta, de forma desagregada, o número de copias de cada fotocopiadora así como localización da mesma, conforme á lectura dos contadores das máquinas e reflectindo lectura anterior e actual do momento, a efectos do abono das copias efectivamente realizadas.

Previsión de copias:

Copias en branco e negro anuais: 660.000

Copias en color anuais: 60.000.

Estas cantidades son únicamente a efectos orientativos.

Nas cantidades resultantes entenderase incluídos a totalidade dos gastos derivados da actividade normal das máquinas (tóner, repostos, etc), o Concello so subministrará o papel necesario.

**7.-EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**.

Dado que se trata dun expediente con tramitación anticipada, xa que logo o contrato iniciarase no vindeiro ano, existe crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación no anteproxecto de orzamentos de 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 92001 22002.

Debendo adoptarse polo Órgano de Contratación acordo de contemplar nos orzamentos sucesivos a que afecte a contratación a parte correspondente do contrato que exceda da anualidade corrente.

O importe sométese á condición suspensiva de crédito axeitado e suficiente en cada exercicio orzamentario para financiar o contrato.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

## 8.-REVISIÓN DE PREZOS.

Neste contrato non se revisarán os prezos do contrato durante toda a vida do contrato.

## 9.-DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O contrato terá un prazo máximo de vixencia de CATRO anos a contar da data que se fixe no contrato administrativo. Unha vez finalizado o prazo do contrato, se o Concello non o rescatase ou executase directamente, a empresa estará obrigada a continuar co arrendamento da maquinaria, o Concello abonará o gasto por copia, valorando unicamente os costes relativos a mantemento e consumibles, nunca os de amortización da propia maquinaria, ata que o Organismo contratante finalice os trámites para unha nova adxudicación do mesmo se chegado o termo non os tivese concluído.

# II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

## 10.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato realizarase polo órgano de contratación mediante procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 157 do TRLCSP.

## 11.-OFERTAS DOS INTERESADOS

11.1.-As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, sito na rúa 25 de xullo,1, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

As empresas poderán presentar as súas ofertas nas oficinas postais do servizo de Correos, no prazo de admisión, debendo xustificar a data de imposición do envío e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax, telegrama, no mesmo día. Sen a concorrencia do anuncio e a xustificación non será admitida a documentación se fose recibida fora do prazo establecido para a presentación de ofertas.

A presentación da oferta, que deberá ser redactada segundo o modelo anexo I ao presente prego, presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas do presente prego.

O importe da proposición económica non deberá superar o prezo de licitación establecido na cláusula 6 deste prego.

11.2.-Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade do subministro obxecto do contrato. Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato sen que poidan presentar variantes ou

alternativas.

O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas (art. 145.3 TRLCSP).

## 12.-DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ ÁS OFERTAS. MESA DE CONTRATACIÓN.

As ofertas presentaranse acompañadas da seguinte documentación, que deberá detallarse nunha relación subscrita polo representante da empresa interesada. Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan o carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente. Así mesmo, os licitadores presentarán a súa documentación en galego ou castelán:

I) As ofertas constarán de tres sobres, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles o nome do licitador e, no seu caso, do representante, domicilio social, teléfono, correo electrónico e fax a efectos de comunicacións, así como o número do expediente e a denominación do contrato ao que licitan. No seu interior farase constar unha relación numérica dos documentos que conteñen.

SOBRE ‘A’: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Presentarase a Declaración Responsable do licitador segundo o modelo previsto no ANEXO 0, indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

SOBRE ‘B’. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PARA A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN QUE DEPENDAN DUN XUÍZO DE VALOR NON CUANTIFICABLE POR FÓRMULA

Incluiranse aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor. En particular deberán incluírse os seguintes e asinada polo licitador ou persoa que lle represente:

Unha memoria descritiva das características técnicas dos equipos ofertados e máis do software de xestión e da estrutura organizativa e asignación de incidencias.

En ningún caso deberase conter neste sobre a oferta económica nin documentos relevantes da súa oferta económica. Esta documentación adquirirá carácter contractual en caso de adxudicación.

SOBRE 'C' PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Conterá o modelo de proposición económica adxunto a este prego como **ANEXO I** asinado polo licitador ou persoa que o represente. No prezo ofertado enténdense incluídos todos os conceptos, incluídos os impostos, gastos, taxas e arbitrios de calquera esfera fiscal e o beneficio industrial do contratista, agás o IVE. Na proposición económica deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido. A dita proposición económica non poderá ser superior ao orzamento de licitación aprobado para a contratación. No caso de que a proposta do licitador sexa superior á dita cantidade, a proposta non será admitida.

Non se aceptarán aquelas proposicións que:

- Teñan contradicións, omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta.
- Aquelas que carezan de concordancia coa documentación examinada e admitida
- Excedan do tipo máximo de licitación
- Comporten erro manifesto no importe da proposición
- As que varíen substancialmente o modelo de proposición establecido que figura como Anexo I deste prego
- Nas que existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.

Incluirase asemade, a oferta de compra da maquinaria actual, mediante a presentación dunha relación das fotocopiadoras que pretenden adquirir, valoradas individualmente.

*Preferencias de adxudicación*

No caso de que a empresa interesada en contratar desexe que, se se dan as circunstancias precisas de empate de puntuacións, se lle apliquen as preferencias de adxudicación contempladas neste prego, achegará ademais a seguinte documentación:

Para a preferencia sinalada na referida cláusula (contar cun número de traballadores con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100 superior ao 2% no cadro de persoal da empresa), o documento TC2 da Seguridade Social, correspondente ao último mes, acreditativo do persoal integrado na empresa e declaración asinada pola empresa indicando o número de traballadores, dos sinalados no citado documento TC2, con porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33 por 100, na que figurarán os seus números de DNI.



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

## 13.- ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE DE OBRAR E SOLVENCIA

As persoas xurídicas, para ser admitidas á licitación, deben acreditar, a través dos seus estatutos ou regras fundacionais, que as prestacións obxecto deste contrato están comprendidas dentro dos seus fins, obxecto ou ámbito de actividade que lle son propios. O Concello de Narón comprobará de oficio e con carácter previo á apertura das proposicións o cumprimento das obrigacións tributarias con este Concello de todas as Empresas licitadoras, referido á data de finalización do prazo de presentación das ofertas.

A Mesa de Contratación declarará inadmisibles as propostas dos licitadores que non se atopen ao corrente nas súas obrigacións respecto ao Concello de Narón.

13.1 CAPACIDADE DE OBRAR

As condicións que se especifican a continuación deberán ser acreditadas ante o Servizo de Contratación polo licitador a prol do cal se tramite a proposta de adxudicación, mediante a presentación a requirimento do mesmo e no prazo solicitado polo órgano de contratación, da documentación que se detalla a continuación referido ao cumprimento das repetidas condicións no momento de finalización do prazo de presentación de proposicións.

En todo caso o órgano de contratación en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

13.1.1 Licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia e licitadores que se achen inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, así como no Rexistro oficial de licitadores da Excma. Deputación de A Coruña

Deberán presentar:

-Certificación do órgano encargado do Rexistro Oficial que deberá acompañarse dunha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas na certificación non experimentaron variación, redactada conforme ao modelo que figura no **ANEXO II** deste prego.

13.1.2 Licitadores que non se atopen na circunstancia anterior:

Deberán presentar:

- Documento Nacional de Identidade da persoa que presenta a proposición en nome propio ou como apoderado.

- A capacidade de obrar das empresas que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Se se trata dunha persoa xurídica, asociativa ou societaria, ou sendo empresa individual, non firme a proposición económica o titular rexistral da empresa, haberá tamén de incluírse escritura de apoderamiento, debidamente inscrita, no seu caso, no Rexistro Mercantil, a prol da persoa que subscriba a oferta económica, con facultades para contratar coa Administración.

- Declaración expresa responsable de non estar incursos en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP redactada conforme ao modelo que figura no **ANEXO III** deste prego.

-Certificación expedida pola Axencia Estatal Tributaria de estar ao corrente das obrigacións tributarias impostas polas disposicións vixentes.

-Certificación administrativa expedida pola Tesourería da Seguridade Social ou, no seu caso, o alta da Mutua correspondente.

Os documentos sinalados neste apartado, deberán presentarse en orixinal ou en copia ou fotocopia, debidamente compulsadas, ben pola Administración, ou ben por Notario.

-A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. Así mesmo, cando a lexislación do Estado en que se atopen establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o subministro de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Así mesmo, acompañarase á documentación que presente que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato vaia a executarse en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que a modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

A omisión de calquera dos documentos citados, a non observancia estrita do cumprimento dos previstos nos apartados anteriores, ou o incumprimento da súa presentación en prazo, dará lugar á exclusión da oferta licitadora.

13.2 SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA, TÉCNICA OU PROFESIONAL, CLASIFICACIÓN PARA CONTRATAR

As empresas licitadoras deberán acreditar, no prazo recollido na cláusula 16 deste prego, os criterios de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional polos medios que se sinalan a continuación.

13.2.1 SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

Certificado dalgunha institución financeira que acredite a solvencia económica e financeira do licitador, redactado conforme ao modelo de solvencia económica que aparece como ANEXO V deste prego.

13.2.2 SOLVENCIA TÉCNICA

-Relación dos principais subministros relacionados co obxecto deste contrato realizados nos tres últimos anos, que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Estes contratos deberán sumar un importe anual igual ou superior 100.000 € anuais.

Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante declaración do empresario xunto con copia dos contratos.

13.3 UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESARIOS
A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación ao seu favor.

Os devanditos empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a Administración e deberán indicar no escrito de proposición os empresarios que desexen concorrer integrados (conforme ao anexo VI deste prego, que se presentará xunto coa declaración responsable no sobre “A”):

- Nomes e circunstancias dos integrantes
- Participación de cada un deles na unión temporal
- Asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarias
- Nomeamento dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.

Nas unións temporais de empresarios cada un dos que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia de acordo co establecido nas cláusulas deste prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

Non se poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal de empresas, se o fixo individualmente, nin poderá figurar en máis dunha unión temporal de empresas. A contravención deste principio dará lugar á desestimación de todas as ofertas por el presentadas.

A duración da unión temporal de empresas será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

NOTA ACLARATORIA SOBRE A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Esgotados os prazos para interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que se achega ás proposicións quedará a disposición dos interesados (excepto a documentación do adxudicatario).

Decorrido o prazo de tres meses dende a adxudicación, a Administración poderá dispoñer sobre a destrución da documentación achegada polos licitadores cando estes non procedesen á súa retirada.

A Administración poderá comprobar, tanto antes como despois da adxudicación e no curso do contrato, a veracidade do contido dos documentos incluídos nos sobres B e C, así como dos que se consignen neste prego como criterios de adxudicación, entendéndose que a falsidade dos datos e circunstancias presentados pola empresa pode ser causa de nulidade do contrato, no seu caso, por incumprimento imputable ao contratista, con perda da garantía definitiva constituída ou, no seu caso, indemnización por valor daquela se non se constituíu ou non se esixe a súa constitución, debendo indemnizar, ademais á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

13.4 SUCESIÓN DA EMPRESA LICITADORA NO PROCEDEMENTO

Se durante a tramitación dun procedemento e antes da adxudicación se producise a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora ou candidata por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederalle na súa posición no procedemento as sociedades absorbentes, as resultantes da fusión,



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

as beneficiarias da escisión ou as adquirentes do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia nas condicións esixidas neste prego para poder participar no procedemento de adxudicación.

13.5 IGUALDADE, TRANSPARENCIA E CONFIDENCIALIDADE

O órgano de contratación dará aos licitadores un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa actuación ao principio de transparencia. Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar, cumprimentando o modelo que aparece como ANEXO VII deste prego (anexo que se incorporará ao sobre ao que se refira), como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento, sempre que que o licitador que se acolla ao artigo 140.1, para declarar confidencial parte da súa proposta, deberá xustificar debidamente as causas que motivan esta declaración xa que pode afectar a principios básicos da contratación pública.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

## 14.-. MESA DE CONTRATACIÓN. CRITERIOS ADXUDICACIÓN.

14.1.-Mesa de contratación.

O órgano de contratación para a adxudicación deste contrato estará asistido por unha Mesa de Contratación integrada por:

1.- Presidente:

- Sr. Alcalde-Presidente.

2.- Vogais:

-- O Secretario Xeral.

- O Interventor Municipal.

- Concelleira delegada para asuntos de novas tecnoloxías

- Técnico do departamento de Novas Tecnoloxías.

3.- Secretario

Actuará como secretario da Mesa, o Xefe de Sección de Contratación ou persoa do seu departamento en quen delegue.

14.2-Criterios de adxudicación:

Criterios non avaliables mediante cifras ou porcentaxes 30 puntos:

Características técnicas dos equipos ofertados máis do software de xestión (25 puntos)
Estrutura organizativa e asignación de incidencias (5 puntos)

Criterios avaliables mediante cifras ou porcentaxes 70 puntos:

Proposta económica :

Fórmula aplicable a valoración do prezo por copia.

P= puntuación da oferta
Ov = Oferta a valorar
Om = Menor Oferta
Pm= Puntuación máxima

$P = \frac{Om}{Ov} \times Pm$

Prezo copia branco e negro (45 puntos)

$P = \frac{Om}{Ov} \times 45$

Prezo copia en color (15 puntos)

$P = \frac{Om}{Ov} \times 15$

Adquisición de maquinaria municipal (10 puntos)

$P = \frac{Ov}{Om} \times Pm$

P= puntuación da oferta
Ov = Oferta a valorar
Om = Maior Oferta
Pm= Puntuación máxima

$P = \frac{Ov}{Om} \times 10$



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

No caso de que dous ou máis proposicións se atopen igualadas, considerarase como a máis vantaxosa, a empresa con maior número de traballadores con discapacidade

## 15.-. APERTURA DE PROPOSICIÓNS E ACTUACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

15.1. Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación, no lugar, día e hora sinalados no anuncio de licitación, procederá á apertura do sobre A a efectos de comprobar os licitadores presentados e a presentación da declaración responsable do Anexo 0.

15.2. Apertura de proposicións

PRIMEIRO ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación, en sesión pública procederá á apertura e exame dos sobres "B" DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PARA A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN QUE DEPENDAN DUN XUÍZO DE VALOR NON CUANTIFICABLE POR FORMULA correspondentes aos licitadores admitidos.

A Mesa de contratación se así o estimara oportuno, remitirá os sobres aos servizos técnicos municipais para que estes emitan informe de valoración segundo os criterios establecidos no prego de condicións.

SEGUNDO ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN

Unha vez recibidos e coñecidos os informes solicitados de avaliación de criterios non cuantificables mediante fórmulas, a Mesa en acto público, (no lugar, data e hora indicada no perfil do contratante) dará a coñecer o resultado da avaliación dos criterios non cuantificables mediante fórmulas.

A continuación, procederase á apertura do sobre  "C" "Proposición económica" das proposicións admitidas e á lectura das ofertas económicas contidas nos mesmos. O acto público de apertura do sobre "C" celebrarase no lugar, data e hora indicado no perfil do contratante.

Considerarase como unha oferta desproporcionada aquela que supere en 10 puntos a baixa media das proposicións presentadas. Cando se presentara únicamente unha ou dúas proposicións considerarase desproporcionada aquela que supere en 20 puntos o prezo de licitación.

TERCEIRO ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Mesa de Contratación, se o estima oportuno, acordará a remisión dos sobres “C” a informe dos servizos técnicos municipais correspondentes para o estudo das proposicións en relación cos criterios de adxudicación cuantificables por fórmulas.

De conformidade co establecido na disposición adicional 4ª do TRLCSP e na cláusula 12 deste prego, antes de formular a proposta que determine cal é a oferta economicamente máis vantaxosa, no caso de que dúas ou máis proposicións se atopen igualadas, como as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios de valoración das ofertas, terán preferencia de adxudicación, sempre que presentasen a documentación acreditativa solicitada, as seguintes empresas:

A empresa que no momento de acreditar a solvencia técnica conte no seu persoal cun número de traballadores con discapacidade (en grao igual ou superior ao 33 por 100) superior ao 2 por 100.

Se varias empresas licitadoras das que houberen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato a que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Se aínda así persistise a igualdade entre proposicións, resultará adxudicataria, no caso de pluralidade de criterios de adxudicación, aquela que obteña unha maior puntuación no apartado de valoración da oferta económica. De persistir o empate celebrarase un sorteo.

A Mesa de contratación, unha vez realizada a avaliación global das ofertas e acreditada a capacidade de obrar e solvencia técnica e económica da empresa proposta, elevará as proposicións presentadas e a proposta na que se determina cal é a oferta economicamente máis vantaxosa, ao órgano de contratación.

Esta proposta non crea dereito algún a prol do licitador proposto fronte á Administración. Con todo, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada, deberá motivar a súa decisión.

## 16.- SELECCIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA

16.1. O órgano de Contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a devandita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estime pertinentes.

16.2. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de SETE DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte no que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Acreditación da personalidade xurídica e capacidade de obrar segundo o disposto na cláusula 13 do presente prego de condicións.

E no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación seguinte:

- Xustificante de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- De ser o caso, xustificante de dispoñer dos medios materiais e persoais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.
- Escritura de constitución da Unión Temporal de Empresas, de ser o caso.
- Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica e profesional segundo o disposto na cláusula 13.2.
- Xustificante acreditativo do pago dos anuncios de licitación.
- Xustificante de constituír a garantía definitiva.
